O Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios desenvolve actividades formativas destinadas á formación, á presentación de metodoloxías, perspectivas e propostas de investigación nas dúas universidades que o integran. Véxase a planificación completa das actividades formativas e dos mecanismos de control en http://doutoramentoestudosliterarios.webs.uvigo.gal/actividades-formativas/.
O PDIEL exixe dúas actividades de formación obrigatorias:
1. Curso de formación de 20 horas.
2. Publicación dun artigo científico.
Cada ano ofrécese ao alumnado de nova incorporación na UVIGO un curso de formación en investigación literaria co título "Información científica: acceso, xestión, avaliación e publicación", organizado en colaboración co Servizo de Referencia da Biblioteca (Biblioteca Central da UVIGO) e a través da plataforma de teledocencia Faitic (UVIGO). Este curso élle ofrecido ao alumnado, de forma automática e gratuíta, a través da súa Secretaría Virtual e consta de 30 horas de formación en investigación. A CAPD avalíao (se se acredita o seguimento, as prácticas e o aproveitamento) cada ano como un dos méritos requeridos na memoria.
En calquera caso, as 20 horas de formación obrigatorias ao longo do primeiro ano de doutoramento, requeridas na memoria, poden cubrirse e acreditarse coa realización doutros cursos formativos (que deben ser aprobados e avaliados pola CAPD).
A partir do curso 2017-2018, ofrecerase na UVIGO un curso facultativo de 20 horas sobre "Formación específica en investigación e publicación científica no ámbito dos estudos literarios". Esta actividade enfoca a elaboración dunha publicación académica, establecida como obrigatoria na memoria do título e é concebida como complementaria do curso "Información científica: acceso, xestión, avaliación e publicación", ofrecido como formación obrigatoria. O curso diríxese explicitamente ás dúas liñas de investigación do PDIEL.
En calquera caso, a publicación dun artigo científico até o terceiro ano do doutoramento, requerida na memoria, pode cubrirse e acreditarse coa publicación noutras revistas ou libros de recoñecido

carácter académico (que debe ser aprobada e avaliada pola CAPD).
Por outra banda, desenvolveranse cada ano, en ambas universidades, seminarios, coloquios e conferencias. Invítase ao alumnado do PDIEL a participar nestes eventos. Se se acredita o seguimento, e a CAPD avaliaraos cada ano como méritos no contexto do informe anual de cada doutoranda/o, requerido na memoria.
Os avisos correspondentes, xunto con exemplos das actividades complementarias realizadas na UDC e na UVIGO nos anos 2013-2016, poden ser consultados en http://doutoramentoestudosliterarios.webs.uvigo.gal.

Información específica do programa de doutoramento

Toda a información específica está dipoñíbel en http://doutoramentoestudosliterarios.webs.uvigo.gal.

# Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2021/2022

| | |
|---|---|
| **Denominación do título :** | Programa de Doutoramento en Tradución e Paratradución |
| **Campus :** | Campus de Vigo |
| **Centro de adscrición :** | 301 - Facultade de Filoloxía e Tradución |
| **Coordinador/a :** | Ana Luna Alonso<br>aluna@uvigo.es<br>986.812064 |
| **Universidade coordinadora :** | Universidade de Vigo |
| **Universidades e outros organismos participantes :** | Universidade de Vigo |
| **Créditos :** | |
| **Curso académico :** | 2021/2022 |

## Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

10

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

CRITERIOS DE ADMISIÓN:
Establécense dous grupos por orde de prevalencia:
1. Máster en Tradución e interpretación.
2. Máster en: Antropoloxía social e cultural, Belas artes, Ciencias da información, Ciencias do traballo, Ciencias políticas e da administración, Ciencias políticas e Socioloxía, Comunicación audiovisual, Dereito, Documentación, Economía, Estudos de Asia Oriental, Xornalismo, Filoloxía alemá, Filoloxía francesa, Filoloxía galega, Filoloxía hispánica, Filoloxía inglesa, Filoloxía portuguesa e demais filoloxías, Lingüística, Teoría da literatura e Literatura comparada, Publicidade e Relacións públicas, Humanidades, Turismo, Administración e Dirección de empresas, Filosofía, Historia, Socioloxía, Historia da arte, Xestión e administración pública, Ciencias actuariais e financeiras, Medicina, Xeografía, Relacións laborais, Traballo social, Ciencias empresariais.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO:
Currículum Vitae
Considerarase requisito sine qua non o coñecemento avanzado (nivel C1 segundo o Common European Framework of Reference for languages) de polo menos dúas linguas estranxeiras, así como posuír un perfil académico ou profesional adecuado para o D_T&P. Ambos aspectos haberán de acreditarse ben de forma documental, ben a través dunha entrevista persoal se a Comisión académica do Programa de doutoramento T&P (CAPD_T&P) considérao oportuno. Para

valorar a idoneidade das/dos candidatas/os considerarase especialmente o expediente académico en relación co perfil do Doutoramento, a experiencia profesional, traducións importantes realizadas, publicacións de carácter científico, así como ter superados outros cursos de posgrao relevantes.

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:
Dada a súa natureza eminentemente transversal, por nutrirse das achegas doutras ramas do coñecemento, o Programa de doutoramento en Tradución & Paratraducción non contempla a programación de Complementos de formación. No seu lugar, e durante o período de captación de alumnado, a CAPD_T&P ofrecerá unha atención personalizada a cada candidato, examinando os seus méritos e valorando a pertinencia de cada candidatura. Ao final do período de captación, os candidatos saberán se a súa candidatura é viable ou non.

## Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

## Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

## Actividades formativas

ACTIVIDADES FORMATIVAS OBRIGATORIAS:
Véxase la memoria do programa de doutoramento

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:
Dada a súa natureza eminentemente transversal, por nutrirse das achegas doutras ramas do coñecemento, o Programa de doutoramento en Tradución & Paratraducción non contempla a programación de Complementos de formación. No seu lugar, e durante o período de captación de alumnado, a CAPD_T&P ofrecerá unha atención personalizada a cada candidato, examinando os seus méritos e valorando a pertinencia de cada candidatura. Ao final do período de captación, os candidatos saberán se a súa candidatura é viable ou non.

## Información específica do programa de doutoramento

INFORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO:
http://paratraduccion.com/index.php/doctorado-typ.html
O Doutoramento en Tradución & Paratradución (T&P) é o único Programa de doutoramento en tradución e interpretación de toda a eurorrexión Galicia-Portugal. No acordo do Consello de Ministros publicado no BOE do 11 de marzo de 2014 polo que se establece o carácter oficial de determinados títulos de Doutor e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, o título de doutor en Tradución & Paratradución (T&P) aparece acreditado oficialmente xa que o programa de doutoramento T&P é citado como un Doutoramento oficial en tradución do Estado español ao cumprir con todos os requisitos de calidade e esixencia regulados por lexislación vixente.
Trátase dun posgrao de investigación representativo do Espazo Europeo de Educación Superior que responde á demanda de formación de posgrao por parte do alumnado da titulación do grao en Tradución e interpretación, cubrindo a necesidade de ofrecer unha formación adicional para mellorar as perspectivas propias da carreira profesional. Neste sentido, ofrecemos un conxunto equilibrado de contidos teóricos e prácticos con vistas tanto á investigación como á preparación dos/das profesionais da tradución e a interpretación.

O Doutoramento T&P ofrece o modelo máis flexible de semipresencialidade, xa que se pode cursar completamente a distancia ou ben asistir ás sesións presenciais realizando auténticas prácticas de campo en Ciencias humanas e sociais.

O Doutoramento T&P é un programa de doutoramento que responde á transformación teórica e metodolóxica que viviu a área científica de Tradución e interpretación na última década, ofrecendo contidos teóricos procedentes das distintas fases de descrición, estudo e análise das actuais realidades socioprofesionais de era dixital. O cal garante, desde o principio, a continuidade entre teoría e práctica.

Non é un posgrao teórico que se interese accesoriamente pola vida real, senón que é un Doutoramento teórico-práctico dirixido á investigación doutoral a partir das prácticas profesionais e cotiás que nos rodean. Cada un dos bloques das liñas de investigación ten a capacidade de descompoñerse en seminarios T&P especializados fundamentados no seu correspondente aparello científico e orientación aplicada.

O Doutoramento T&P ofrece modelos e protocolos de punteiras prácticas profesionais a través de convenios cos sectores profesional, empresarial e institucional que colaboran nos proxectos I+D+i do Grupo de Investigación T&P. Procúrase responder ás necesidades existentes nos ámbitos das tecnoloxías da información, do turismo, da publicidade, das industrias da cultura, e, por suposto, da divulgación científica do coñecemento. Como exemplo sirvan os tres programas Web-TV de divulgación científica dedicados ao mundo da tradución e interpretación: Zig-Zag, Exit e Píldoras T&P. Programas TV en liña do Grupo de Investigación T&P que pretenden apoiar tanto a formación e valorizar a investigación básica, o desenvolvemento e a innovación, como a propia transferencia produtiva do coñecemento.

Creado durante o curso académico 2004-2005 o Doutoramento T&P foi o primeiro Programa de doutoramento internacional en rede dentro da Universidade de Vigo e obtivo durante o curso 2008-2009 a «mención de calidade» do Ministerio de Ciencia e Innovación e, tralo informe favorable da ACSUG, recibiu no curso 2013-2014, a Notificación de Verificación do Consello de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para unha nova andadura do novo programa de doutoramento consonte a actual normativa do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan os ensinos oficiais de Doutoramento.

# Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2021/2022

| | |
|---|---|
| **Denominación do título :** | Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada |
| **Campus :** | Campus de Vigo |
| **Centro de adscrición :** | 302 - Facultade de Bioloxía |
| **Coordinador/a :** | Carmen Sieiro Vázquez<br>mcsieiro@uvigo.es<br>812639 |
| **Universidade coordinadora :** | Universidade de Vigo |
| **Universidades e outros organismos participantes :** | Universidade da Coruña |
| **Créditos :** | |
| **Curso académico :** | 2021/2022 |

## Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

10

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

12

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Esixirá aos aspirantes, como requisito previo, superar unha proba (equivalente ao superior ao nivel de coñecemento B1 do MCERCL), que realizará a CAPD, sobre comprensión de inglés científico-técnico.
Avaliarase cada solicitude en base á seguinte información, que debe acompañar á solicitude de admisión:
1. Curriculum vitae do solicitante, tendo en cuenta a titulación de acceso e a súa formación previa (85%).
2. Carta con declaración de intereses sobre o programa de doutoramento onde se reflictan as motivacións do estudante para escoller este programa de doutoramento e a/s liña/s de investigación de interese en caso de ser admitido no mesmo. Valoraranse os posibles informes de referencia das súas institucións de orixe (15%)
3. Opcionalmente, realizaranse unha (ou varias) entrevistas personais (de maneira presencial e/ou a través do correo electrónico). O obxectivo das entrevistas é a valoración das características do solicitante en canto ao perfil de ingreso, así como a adecuación dos seus intereses ás liñas de investigación dos Grupos adscritos ao programa de doutoramento. Serán necesarias naqueles casos nos cales a documentación aportada xere dudas nalgún dos méritos alegados ou en caso de empate entre varios candidatos.
En todo caso teranse en conta as necesidades educativas especiais de estudantes derivadas de discapacidade.
Baremo do Curriculum vitae utilizado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento:
Formación Académica: (65 % del CV)
Como perfiís de acceso preferente establécense os seguientes:

1. Ldo./Graduado en Biotecnoloxía, Biología, Química, Bioquímica, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Farmacia, Medicina, Veterinaria, Enfermería, Fisioterapia, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar e Enxeñería Química ou Agrónoma con estudos de Máster en temáticas afíns ao ámbito da Biotecnoloxía (Nota: Nota media x 1).
2. Ldo./Graduado en Biotecnoloxía, Bioloxía, Química, Bioquímica, Biotecnoloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Farmacia, Medicina, Veterinaria, Enfermería, Fisioterapia, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar e Enxeñería Química ou Agrónoma con estudos de Máster en temáticas non afíns ao ámbito da Biotecnoloxía (Nota: Nota media x 0,75).
3. Ldo./Graduado en titulacións diferentes ás contempladas no apartado 1 e 2 con Estudos de Máster en temáticas afíns ao ámbito da Biotecnoloxía (Nota: Nota media x 0,5).
4. Ldo./Graduado en titulacións diferentes a las contempladas en el apartado 1 y 2 con Estudios de Máster en temáticas no afines al ámbito de la Biotecnología (Nota: Nota media x 0,25).

Experiencia Profesional: (15 % del CV)

Só se considerará aquela experiencia profesional directamente relacionada co sector biotecnolóxico. Valoraranse diversos aspectos como cargo, responsabilidades, duración da actividade desenvolvida,....

Experiencia Investigadora: (15 % del CV)

## Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Analizarase a experiencia investigadora do alumno, para o cal emplearase o baremo que tanto a Universidade de Vigo como a de Coruña establecen anualmente nas súas convocatorias de axudas á investigación.

Outros méritos: (5 % del CV)

Consideraranse outros méritos relacionados co máster tales como premios, cursos de formación, asistencia a xornadas, bolsas,...

## Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

## Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI Cupo: 4

## Actividades formativas

Referencia á memoria

## Información específica do programa de doutoramento

Recoméndase aos aspirantes contactar, previamente á preinscripción, coa coordinadora do Programa de Doutoramento, Dra. Carmen Sieiro Vázquez (mcsieiro@uvigo.es)

# Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2021/2022

| | |
|---|---|
| **Denominación do título :** | Programa de Doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida |
| **Campus :** | Campus de Vigo |
| **Centro de adscrición :** | 302 - Facultade de Bioloxía |
| **Coordinador/a :** | Juan José Pasantes Ludeña<br>pasantes@uvigo.es<br>986 812 577 |
| **Universidade coordinadora :** | Universidade de Vigo |
| **Créditos :** | |
| **Curso académico :** | 2021/2022 |

## Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

20

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Currículum Vitae, Entrevista
(1) Áreas relacionada coas ciencias da vida e as ciencias experimentais na súa verteente biolóxica.
(2) Adecuación do proxecto proposto a ás liñas de investigación do programa.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

REQUISITO OBLIGATORIO:
Adecuación do proxecto proposto ás liñas de investigación do programa
PRIORIDADE EN CASO DE QUE HAXA MÁIS SOLICITUDES QUE PRAZAS:
(1) Adecuación dos estudos previos ao contido do programa de doutoramento (40%)
(2) Curriculum Vitae (30%)
(3) expediente académico (20%)
(4) entrevista personal (10%)

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI

Actividades formativas

No caso de que o alumnado admitido carezca nalgún aspecto da formación necesaria para levar a cabo os estudos de doutoramento, a CAPD valorará, en función do expediente de acceso del

alumno, a
posibilidade de esixir a dito alumnado a realización dalgunha materia do grao de Bioloxía, sen que poidan superarse os 15 ECTS. A realización destes complementos será simultánea á matrícula en tutela académica no programa e deberán superarse no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos. Os alumnos serán informados pola CAPD de qué complementos específicos necesitan.
Entre ditos posibles complementos pódense citar as seguintes materias do Grao en Bioloxía:
Bioquímica I o II
Xenética I o II
Microbioloxía I o II
Fisioloxía Animal I o II
Fisioloxía Vexetal I o II
Inmunoloxía y Parasitoloxía
Técnicas avanzadas en Bioloxía

ACTIVIDADES FORMATIVAS OBRIGATORIAS:
Referencia á memoria

Información específica do programa de doutoramento

# Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2021/2022

| | |
|---|---|
| **Denominación do título :** | Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica |
| **Campus :** | Campus de Vigo |
| **Centro de adscrición :** | 302 - Facultade de Bioloxía |
| **Coordinador/a :** | José Antonio Lamas Castro<br>antoniolamas@uvigo.es<br>986 812 563 |
| **Universidade coordinadora :** | Universidade de Santiago de Compostela |
| **Universidades e outros organismos participantes :** | Universidade da Coruña<br>Universidade de Vigo |
| **Créditos :** | |
| **Curso académico :** | 2021/2022 |

**Comisión Académica Doutorado**

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

6

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

30

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO:
Currículum Vitae, Cartas de aval
Dan acceso directo ao Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica os másteres seguintes:
•Máster Interuniversitario en Neurociencia polas Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo
•Máster Universitario de Investigación en Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía pola USC
•Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria pola USC
Poderán acceder tamén titulados noutros másteres universitarios en Neurociencia, en Psicoloxía Clínica e da Saúde, en Psiquiatría ou outros do campo biomédico, así como persoas que teñan dous anos (avaliados positivamente) de formación sanitaria especializada en áreas relacionadas co máster (Psicoloxía -PIR-, Psiquiatría, Neuroloxía -MIR-, ...).
A selección de estudantes para a súa admisión no programa realizarase en función do expediente académico de Grao/Diplomatura/Licenciatura e Máster e da viabilidade da proposta da investigación a desenvolver. A estes efectos terase en conta:
a) Expediente académico de Grao/Licenciatura e Máster de acceso
b) Afinidade do Máster de acceso co Programa de Doutoramento
c) Resume/anteproxecto da investigación que se pretende desenvolver, con indicación da liña de investigación do programa na cal se encadraría
d) Carta de referencia dun profesor/a do programa de doutoramento que avale a viabilidade da futura tese no marco da subliña de investigación á que se vincule. En caso de que se prevea contar cun director/a alleo ao programa, deberá presentarse preacordo de dirección por parte

deste, acompañado de curriculum vitae que permita verificar o cumprimento dos criterios para ser director de tese establecidos pola universidade no seu regulamento de estudos de doutoramento; neste caso tamén se recomenda presentar proposta dun titor do Programa dentro da liña de investigación en que se encadre a proposta.

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:
Os complementos de formación serán concretados para cada estudante, en caso necesario, pola CAPD e non poderán superar os 15 créditos ECTS. Arealización destes complementos poderá ser previa ou simultánea á matrícula no programa.
A título orientativo, e sen prexuízo da personalización de cada caso, deberán cursarse complementos de formación nos seguintes casos:
•Estudantes que, non tendo cursado un máster do ámbito de Neurociencia, desexen realizar a súa tese nas liñas de Neurobioloxía: Deberán cursar entre 9 e 15 créditos (a determinar poa Comisión, en función da formación previa) de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UVigo, UdC) vinculadas ao módulo de Neurobioloxía Celular e Molecular
•Estudantes que, non tendo cursado un máster do ámbito da Neurociencia ou da Psicoloxía Clínica, desexen realizar a súa tese na liña de Neurociencia Cognitiva, deberán cursar entre 9 e 15 créditos (a determinar pola Comisión, en función da formación previa) de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UVigo, UdC) vinculadas ao módulo de Neurociencia Cognitiva, ou ben das materias adscritas ás áreas de Psicobioloxía e de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria poa USC.
•Estudantes que, non tendo cursado un máster do ámbito da Psicoloxía Clínica e da Saúde, desexen realizar a súa tese nas liñas de Psicoloxía Clínica e da Saúde, deberán cursar entre 9 e 15 créditos (a determinar pola Comisión, en función da formación previa) de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria adscritas ás áreas de Personalidade, Avaliacion e Tratamento Psicolóxicos e de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento.
•Para os estudantes que non cursasen un máster do ámbito da Neurociencia, a Psicoloxía Clínica ou a Psiquiatría e desexen realizar a súa tese nas liñas de carácter máis tecnolóxico (neuroimaxe, modelos computacionais, etc.) determinaranse os complementos de formación necesarios de forma individualizada en función da formación previa e do campo específico de realización da tese, de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UVigo, UdC).
•Os estudantes que accedan ao programa cun título de Grao de 300 ECTS no cal non se inclúan créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Máster, deberán cursar entre 9 e 15 créditos desas características dos másteres de Neurociencia ou de Psicoloxía Xeral Sanitaria arriba indicados.

## Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

CRITERIOS DE ADMISIÓN:
A convocatoria anual de preinscrición/matrícula incluirá o baremo coa ponderación asignada a cada un dos ítems anteriores, no marco dos seguintes rangos:
a) Expediente académico: 50-60%
b) Afinidade do Máster de acceso co Programa de Doutoramento: 15-20%
c) Resume/anteproxecto da investigación que se pretende desenvolver: 10-15%
e) Carta de referencia que avale a viabilidade da futura tese no marco do Programa: 10-15%

## Documentación complementaria

Curriculum Vitae

## Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

## Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

## Actividades formativas

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:

Os complementos de formación serán concretados para cada estudante, en caso necesario, pola CAPD e non poderán superar os 15 créditos ECTS. Arealización destes complementos poderá ser previa ou simultánea á matrícula no programa.

A título orientativo, e sen prexuízo da personalización de cada caso, deberán cursarse complementos de formación nos seguintes casos:

•Estudantes que, non tendo cursado un máster do ámbito de Neurociencia, desexen realizar a súa tese nas liñas de Neurobioloxía: Deberán cursar entre 9 e 15 créditos (a determinar poa Comisión, en función da formación previa) de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UVigo, UdC) vinculadas ao módulo de Neurobioloxía Celular e Molecular

•Estudantes que, non tendo cursado un máster do ámbito da Neurociencia ou da Psicoloxía Clínica, desexen realizar a súa tese na liña de Neurociencia Cognitiva, deberán cursar entre 9 e 15 créditos (a determinar pola Comisión, en función da formación previa) de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UVigo, UdC) vinculadas ao módulo de Neurociencia Cognitiva, ou ben das materias adscritas ás áreas de Psicobioloxía e de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria poa USC.

•Estudantes que, non tendo cursado un máster do ámbito da Psicoloxía Clínica e da Saúde, desexen realizar a súa tese nas liñas de Psicoloxía Clínica e da Saúde, deberán cursar entre 9 e 15 créditos (a determinar pola Comisión, en función da formación previa) de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria adscritas ás áreas de Personalidade, Avaliacion e Tratamento Psicolóxicos e de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento.

•Para os estudantes que non cursasen un máster do ámbito da Neurociencia, a Psicoloxía Clínica ou a Psiquiatría e desexen realizar a súa tese nas liñas de carácter máis tecnolóxico (neuroimaxe, modelos computacionais, etc.) determinaranse os complementos de formación necesarios de forma individualizada en función da formación previa e do campo específico de realización da tese, de entre as materias obrigatorias e optativas do Máster Interuniversitario en Neurociencia (USC, UVigo, UdC).

•Os estudantes que accedan ao programa cun título de Grao de 300 ECTS no cal non se inclúan créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Máster, deberán cursar entre 9 e 15 créditos desas características dos másteres de Neurociencia ou de Psicoloxía Xeral Sanitaria arriba indicados.

ACTIVIDADES FORMATIVAS OBRIGATORIAS:

No marco do RD 99/2011, os programas de doutoramento poden establecer actividades de formación transversal e específica no ámbito do programa. Neste programa establécense as seguintes:

Táboa-resume:
Carácter Denominación Durac Período de realización
OB Recollida de información e revisión bibliográfica 50 h No 1º curso
OB Participación en congresos e xornadas científicas 20 h Ao longo dos 3 cursos
(deben realizar 2 de entre estas 3)
OP Formación metodolóxica e técnica 20 h Ao longo dos 3 cursos (deben realizar (preferentemente nos
2 de entre 2 primeiros)
estas 3)
Formación en comunicación, difusión e divulgación 20 h Ao longo dos 3 cursos
da información científica (preferentemente nos
2 primeiros)
Formación en xestión da investigación 20 h Ao longo dos 3 cursos (preferentemente nos
2 últimos)
OP Mobilidade (estadía) 160 h Ao longo dos 3 cursos
(1 mes)
OB: Obrigatoria; OP: Optativa

Actividade 1. Recollida de informacion e revisión bibliográfica
Planificación e organización:
Duración: 50h
Carácter: Obrigatorio
Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º ano
Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar nos primeiros 18 meses
Descrición:
Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade (elaboración dun informe de estado da cuestión) que implique recollida de información e revisión bibliográfica relevante para a formulación do problema obxecto da súa tese de doutoramento. Con esta actividade deberán adquirir competencia para realizar unha análise crítica e de avaliación e síntese de ideas, así como integrar coñecementos e atopar as preguntas chave que hai que responder para resolver un problema complexo.
Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividade 2. Participación en congresos e xornadas científicas
Planificación e organización:
Duración: 20h
Carácter: Obrigatorio
Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano, a determinar de acordo co director/titor
Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e o 5º ano, a determinar de acordo co director/titor
Descrición:
Os e as estudantes de doutoramento deberán participar nun Congreso ou Xornada Científica do seu campo de especialización, de carácter nacional ou internacional, que se realicen fóra da súa Universidade/cidade. Con esta actividade deberán adquirir experiencia na presentación e discusión dos resultados da investigación ante un público especializado. A selección do congreso/xornada determinarase para cada caso de acordo co director/a da tese. O momento específico de realización da ctividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.

Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando; deberá acreditarse a participación na actividade por parte do comité organizador ou instancia que proceda. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 3. Formación metodolóxica e técnica
Planificación e organización:
Duración: 20h
Carácter: Optativo (o estudante debe realizar dúas das tres actividades identificadas como 3, 4 e 5)
Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano (preferentemente nos dous primeiros), a determinar de acordo co director/titor
Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano (preferentemente nos tres primeiros), a determinar de acordo co director/titor
Descrición:
Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade de formación en aspectos metodolóxicos e/ou técnicos do campo da súa tese de doutoramento: técnicas e procedementos de análise de datos, programación informática, técnicas experimentais, etc. Poderán realizala na propia universidade ou noutros centros. Con ela deberán adquirir competencia de nivel avanzado no uso das técnicas ou metodoloxías de que se trate, sempre pertinente á investigación que desenvolve. O contido específico da actividade determinarase para cada caso de acordo co director/a da tese. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.
Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 4. Formación en comunicación, difusión e divulgación da información científica
Planificación e organización:
Duración: 20h
Carácter: Optativo (o estudante debe realizar dúas das tres actividades identificadas como 3, 4 e 5)
Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano (preferentemente nos dous primeiros), a determinar de acordo co director/titor
Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano (preferentemente nos tres primeiros), a determinar de acordo co director/titor
Descrición:
Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade de formación en comunicación científica e difusión da información: redacción de informes científicos, selección do medio de difusión (revistas científicas da área, libros, congresos), outros formatos de comunicación (comunicación oral, póster), e/ou divulgación científica. Poderán realizala na propia universidade ou noutros centros. Con ela deberán adquirir autonomía na difusión dos resultados da investigación en publicacións e foros nacionais e internacionais relevantes no seu campo de investigación. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.
Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 5. Formación en xestión da investigación
Planificación e organización:
Duración: 20h
Carácter: Optativo (o estudante debe realizar dúas das tres actividades identificadas como 3, 4 e 5)
Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano (preferentemente nos dous últimos), a determinar de acordo co director/titor
Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano (preferentemente nos tres últimos), a determinar de acordo co director/titor
Descrición:
Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade de formación en xestión da investigación: elaboración de proxectos de investigación, tipos de convocatorias, estimación de orzamentos e recursos necesarios, criterios de avaliación de propostas, xestión dos recursos, etc. Poderán realizala na propia universidade ou en outros centros. Con ela deberán adquirir competencia á hora de concebir, deseñar e poñer en práctica un proceso substancial de investigación. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.
Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 6. Mobilidade
Planificación e organización:
Duración: 160h (1 mes)
Carácter: Optativo
Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano, a determinar de acordo co director/titor
Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano, a determinar de acordo co director/titor
Descrición:
Os e as estudantes de doutoramento poderán realizar, con carácter optativo, unha estadía noutro centro de investigación, nacional ou estranxeiro, de polo menos un mes de duración. O seu obxectivo é complementar a súa formación nalgún aspecto relevante para o proxecto de tese nun centro e cun equipo de investigación diferente de aquel co que traballa de ordinario. Con ela deberá desenvolver a capacidade de traballar nun contexto internacional ou multidisciplinar e ser quen de colaborar, intercambiar opinións e compartir coñecementos con investigadores doutros equipos, centros e/ou universidades no desenvolvemento do seu traballo investigador. Esta estadía poderase prolongar e no seu caso definir de xeito máis preciso dacordo coa normativa aplicable para a obtención da mención internacional no título de doutor. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese (así como do interese en conseguir a mención internacional), de acordo co director/titor do doutorando/a.
Procedimiento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando, previa acreditación polo/a responsable que proceda do centro de realización da estadía. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

## Información específica do programa de doutoramento

INFORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO:

Este Programa de Doutoramento ten como obxectivo a formación de investigadores nas áreas da Neurociencia básica e aplicada, a Psicoloxía Clínica e a Psiquiatría, primando a interdisciplinariedade. Con esta perspectiva, o programa inclúe investigadores adscritos a diferentes áreas de coñecemento dos campos da Neurobioloxía, a Neurociencia Cognitiva, a Psicoloxía Clínica e da Saúde e a Psiquiatría. Trátase dun programa interuniversitario, organizado conxuntamente polas Universidades de Santiago de Compostela (que o coordina), A Coruña e Vigo.
Preténdese proporcionar a formación técnica e os coñecementos específicos para a investigación nestes ámbitos e facilitar un marco de interrelación entre os doutorandos e doutorandas vinculados a elas. Aspírase a fomentar un espazo científico integrador de carácter multidisciplinar, que aborde o estudo do cerebro desde o punto de vista morfolóxico, estrutural, funcional, computacional e do desenvolvemento, ademáis da súa relación recíproca con variables psicosociais. Todo co fin de comprender o comportamento humano e de facilitar estratexias preventivas e terapéuticas para as principais enfermidades neurolóxicas e trastornos psiquiátricos.
O estudo do sistema nervoso en xeral, e do encéfalo humano en particular, é unha das áreas prioritarias de investigación en todo o mundo. Un dos maiores retos desta investigación é descubrir os misterios do cerebro, desde o funcionamento molecular até os mecanismos que sustentan procesos como a memoria, a intelixencia ou a acción consciente e a súa interacción co medio. O progreso no coñecemento do sistema nervoso permitirá combater as enfermidades que o afectan e mellorar a calidade de vida. Desde a perspectiva máis clínica, este programa integra liñas que se ocupan da comprensión, prevención e tratamento dos trastornos mentais, abordándoos desde unha perspectiva biopsicosocial.
Este Programa forma parte da 'Network of European Neuroscience Schools' (NENS), unha estrutura creada no marco da FENS (Federation of European Neuroscience Societies) para facilitar información sobre a formación posgraduada no ámbito da Neurociencia e promover a colaboración entre os programas de estudos europeos.

# Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2021/2022

| | |
|---|---|
| **Denominación do título :** | Programa de Doutoramento en Análise Económico e Estratexia Empresarial |
| **Campus :** | Campus de Vigo |
| **Centro de adscrición :** | 303 - Facultade de CC. Económicas e Empresariais |
| **Coordinador/a :** | Carlos Hervés Beloso<br>cherves@uvigo.es<br>986 812 446 |
| **Universidade coordinadora :** | Universidade de Vigo |
| **Universidades e outros organismos participantes :** | Universidade de Santiago de Compostela<br>Universidade da Coruña |
| **Créditos :** | |
| **Curso académico :** | 2021/2022 |

## Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

15

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

45

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Currículum Vitae
Dependendo da análise de cada solicitude, a Comisión Académica pode requirir unha entrevista co/a candidato/a

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Priorízanse as titulacións en Economía, Empresa, Enxeñería, Matemáticas.
É moi relevante para a admisión o expediente académico.
Tamén é relevante que o solicitante contactara previamente cun potencial director/a de tese.

Documentación complementaria

Curriculum vitae, destacando a formación académica.
Expediente académico coas correspondentes cualificacións.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI

Cupo: 3
Condicións:
Hai 3 prazas reservadas a estudantes extracomunitarios

## Actividades formativas

Referencia á memoria.
Ver: http://ecobas.webs.uvigo.es/gl/doutoramento.php

## Información específica do programa de doutoramento

Ver: http://ecobas.webs.uvigo.es/gl/doutoramento.php

# Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2021/2022

| | |
|---|---|
| **Denominación do título :** | Programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa |
| **Campus :** | Campus de Vigo |
| **Centro de adscrición :** | 303 - Facultade de CC. Económicas e Empresariais |
| **Coordinador/a :** | Juan José Vidal Puga<br>vidalpuga@uvigo.es<br>986802014 |
| **Universidade coordinadora :** | Universidade de Santiago de Compostela |
| **Universidades e outros organismos participantes :** | Universidade da Coruña<br>Universidade de Vigo |
| **Créditos :** | |
| **Curso académico :** | 2021/2022 |

## Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

8

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

24

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Tener una puntuación superior a 12 con el siguiente criterio: Expediente académico (hasta 10 puntos) + Entrevista personal (hasta 10 puntos). La Entrevista personal se realizará ante la CAPD para juzgar la valía del candidato y su adecuación a alguna de las líneas de investigación disponibles en el programa de Doctorado. Para facilitar este requisito a los futuros estudiantes, la CAPD hará publicas en la página web las líneas de investigación abiertas y disponibles y asimismo facilitará el contacto, previo a esta entrevista, entre los futuros candidatos y los promotores de dichas líneas de investigación.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Perfiles de ingreso:

- Perfil de ingreso sin complementos de formación:

